



Circular interpretativa sobre a prórroga da eficacia das resolucións de teletraballo concedidas por razón da situación sanitaria derivada do COVID-19, de acordo coas condicións establecidas para o réxime especial no Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

O artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administracións públicas, establece un “Réxime especial de autorización”, que pode ser aplicable, entre outros, polo seguinte motivo extraordinario ou excepcional:

“Por razóns de declaración da situación de emerxencia.”

De acordo co artigo 4 do precepto,

“Esta modalidade de prestación de servizos en réxime de teletraballo poderá atinxir ás concretas persoas traballadoras afectadas, a parte ou a todas as persoas traballadoras dun ou de varios órganos directivos ou mesmo á totalidade do persoal da Administración e non estará, en todo caso, suxeita ao cumprimento íntegro das condicións previstas nos artigos 3, 4 e 5 deste acordo, podendo establecerse que a prestación na modalidade de teletraballo se estenda á totalidade das xornadas mensuais e semanais. Así mesmo, a Administración tampouco estará obrigada a facilitar os medios tecnolóxicos para desempeñar o posto de traballo nesta modalidade especial de prestación en réxime de teletraballo, máis alá de facilitar o acceso remoto ao equipo de traballo, logo da correspondente solicitude e autorización.”

Debe terse en conta que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de trece de marzo de dos mil vinte, aprobou o Acordo polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Esta declaración de emerxencia sanitaria sigue en vigor.

O 25 de febreiro de 2021 publícase no DOG o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e a Orde da Consellería de Sanidade do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.





O punto quinto desta Orde, “Teletraballo”, establece o seguinte:

“Tendo en conta o establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administracións públicas, que establece un réxime especial de autorización, que pode ser aplicable, entre outros motivos, por razóns de declaración da situación de emerxencia, e tendo en conta a existencia dunha declaración de situación de emerxencia sanitaria en vigor, á vista da evolución da situación epidemiolóxica, e coa finalidade de coadjuvar a un maior control da transmisión, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19. Serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Esta disposición sitúase no marco das medidas adoptadas pola administración autonómica para continuar fomentando o teletraballo no sector público, coa finalidade de coadjuvar a un maior control da transmisión, dada a evolución da situación epidemiolóxica.

En efecto, xa con anterioridade á entrada en vigor do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, á vista das medidas adoptadas o 26 de xaneiro de 2021, a administración autonómica anunciou a adopción de medidas de fomento do réxime de teletraballo, ao amparo da normativa en vigor nese momento.

Neste sentido, as distintas consellerías e entidades adoptaron medidas específicas de organización do traballo do seu persoal para permitir a maior implantación posible do teletraballo e, con base nestas medidas, se ditaron resolucións concedendo este réxime de teletraballo por razón da situación sanitaria derivada do COVID-19.

Unha vez entrado en vigor o Acordo do Consello da Xunta de Galicia debe continuarse coas medidas de fomento do teletraballo, aplicando os instrumentos previstos no mesmo.

Neste sentido, e dado que, de acordo co exposto, existe actualmente unha declaración da situación de emerxencia efectuada polo Consello da Xunta de Galicia, vista a evolución da situación epidemiolóxica, o punto quinto da Orde de 25 de febreiro enténdese prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19, como antes citamos, e indica que serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.





Visto o indicado punto quinto da Orde citada, e a efectos de garantir unha interpretación uniforme dela, cabe recoller nesta circular os seguintes criterios interpretativos:

1º. Debe entenderse prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo concedidas por razón da situación sanitaria derivada do COVID-19, de acordo coas condicións establecidas para o réxime especial de teletraballo establecidas no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que este réxime de teletraballo non estará suxeito ao cumprimento íntegro das condicións previstas nos artigos 3, 4 e 5 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º Non será necesaria a elaboración do plan previsto no artigo 12.5 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dado que xa están adoptadas medidas de organización do traballo.

